



CONCELLO DE BEADE

P32011OOI

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 29 DE XULLO DE 2025.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Beade, sendo as doce horas do día vinte e nove de xullo de dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnen-se en sesión pública os señores membros do Concello de Beade, que de seguido se citan, para celebrar sesión plenaria de carácter ordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

D^a. GABRIELA PÉREZ COSTA
D. JORGE ANTONIO GONZÁLEZ ALARCÓN
D^a. SILVIA RODRÍGUEZ FERRO
D. ADÁN FORMIGO SÁNCHEZ
D. MIGUEL ÁNGEL CARREIRO ESTÉVEZ
D^a. MARÍA DEL CARMEN RAMA COTELO

Os presentes están asistidos polo Secretario-Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde del Día, que resultan ser:

1.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION CELEBRADA CON DATA 27 DE MAIO DE 2025.- Sometida a votación a aprobación da Acta da sesión, obtense o seguinte resultado: TRES (3) VOTOS a favor e DOUS (2) votos en contra, quedando aprobada a Acta da sesión do 27 de maio de 2025.

2.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN S DA ALCALDÍA.- Dase conta das Resolucións da Alcaldía remitidas aos membros do Pleno coa convocatoria da sesión.

3.- ROGOS E PREGUNTAS.- Neste punto da Orde do Día prodúcense as seguintes intervencións:

Polo representante da Agrupación de Electores por Beade:

- Propón que habería que instalar unha luz que ilumine só o San Roque cando hai festas e eventos, sen ter que iluminar toda a zona. Do mesmo xeito, no parque de arriba non hai luz, polo que se podería poñer un punto luz.
- Felicita á Alcaldía pola celebración do evento do viño, pero propón buscar outra data que non sexa nunha ponte.
- Sobre a moción do PSOE debatida no último pleno, sobre representantes na Mancomunidade, amosa o seu apoio a ela.

A Alcaldía responde que serán tidas en conta as suxestións.

Polos representantes do Grupo Municipal Socialista:

- O Sr. Carreiro Estévez solicita información sobre a subvención concedida pola Xunta de Goberno Local á Asociación Anasbabi Ciliopatías, así como pide que as preguntas sexan respondidas unha vez formuladas e non en bloque pola Alcaldía. Alude a outras épocas, e que se non rectifica a Alcaldía, volverán as épocas duras.

A solicitude de respostas individuais é rexeitada pola Alcaldía, non aceptando ameazas, e o



CONCELLO DE BEADE

P32011OOI

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

Sr. Carreiro Estévez decide abandoar o Pleno, continuando intervindo a Sra. Rama Cotelo, polo grupo municipal socialista.

- Repite que a norma de respostas en bloque non foi acordada pola Corporación, senón que se adoptou unilateralmente pola Alcaldía.

- Comenta que, no anterior pleno, respecto da limpeza das faixas de seguridade, o Alcalde de Beade dixo que chamaría ao de Carballeda de Avia para preguntarlle como fixo el e que esta promesa non aparece recollida na acta. Nese momento aproveitou para engadir que, de paso que o chamaba para iso, que lle preguntara cal foi a razón pola que Carballeda marchou da Mancomunidade, entendendo que se chamou e fixéronse as dúas preguntas e pide ao Alcalde a resposta delas.

- Respecto aos lienzos, non ten nada que dicir sobre o traballo dos profesores, pero pregunta se a USC cobrou algo por facer ese informe, a canto ascendeu a cantidade e quen a pagou.

- Respecto á festa do viño, cree que o evento non debe ser organizado polo Concello, senón que o teñen que organizar os adegueiros. Así se evitaría que adegueiros se atopen enfadados pola data escollida. Tamén aproveita para agradecer a invitación ao acto por vía email, sinalando que confirmou asistencia.

- Sobre a obra da Praza da Oliveira, pregunta en que data foi aprobada a obra, cando se decidiu facer, independentemente do tempo de execución, a canto ascendeu o custo, e quen a pagou.

- Manifesta que recibe queixas constantes pola falta de limpeza, porque falta auga, pola organización da festa do viño, etcétera.

- Tamén quere mencionar que un día, subindo pola Rúa Ribeiró, á altura do Bar Celta, atopouse a unha persoa baixando por medio da calzada en patinete. Asustouse porque non contaba con iso e pensou que, se iba un pouco despistada e tropezaba con esa persoa, producindo un accidente, sería un problema. Non sabe se está regrado o uso de patinetes nas vías públicas de Beade. Roga que se controle a circulación destes.

- Pide encarecidamente que a nivel Concello de Beade, con independencia dos grupos políticos presentes, se faga unha declaración institucional a favor do pobo de Gaza. Recorda que historicamente Israel sempre foi un pobo perseguido, pero esa situación se está vendo ao inverso actualmente en Gaza. Beade debe achegar o seu gran de area e facer unha declaración institucional en defensa dos habitantes de Gaza.

- Xa que o Alcalde di non poñer impedimentos á consulta de documentación, e dado que os concelleiros teñen uns horarios laborais que coinciden moitas veces cos horarios de apertura do concello, roga que remita toda a documentación da xestión do concello dixitalizada a cada un dos concelleiros presentes, tanto de goberno como da oposición.

- Xa que chamou "fabulador" ao Alcalde, quere pedir perdón publicamente a Esopo, clásico que deixou en herdanza unhas fábulas estupendas que superan a categoría do Alcalde.

- Finalmente desexa un feliz verán e agradece que se a deixase intervir.

O Alcalde responde o seguinte:

- En relación á limpeza das faixas de seguridade, confirma que consultou como conseguir a execución subsidiaria, pero que Carballeda o consegue porque está declarada como "Aldea



CONCELLO DE BEADE

P32011OOI

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

Modelo"; en cambio, non preguntou sobre a marcha da Mancomunidade.

- En relación ás telas, responde que aínda non se pagou nada, xa que o informe recolle que, cando se leve a cabo a restauración, unha parte do orzamento dela é para pagar o informe. Ata que se leve a cabo a restauración, non se paga. Ademais, tampouco se dispón do diñeiro, aínda que se pretende que o poña, na súa totalidade, a Conselleria de Cultura. Ten o desagregamento dos custos na documentación que se lle entregou.

- Sobre a festa do viño, parécelle estupendo que os adegueiros a organicen, pero o que non lle parece adecuado é que os adegueiros queiran impor o que hai que facer, pero logo non colaboren. A festa faise para promocionar o viño, o contorno, o pobo, a situación privilexiada de Beade... Unha ou dúas adegas queren que se faga o que eles din; pero na feira fíxose o que o Alcalde considerou oportuno, considerando que se fixo un gran traballo.

-A Praza da Oliveira foi feita por medio dun Obradoiro de emprego da Mancomunidade. A obra solicitouse en primavera de 2024. O custo e financiamento, ao ser unha obra grande, tivo lugar tanto con fondos propios do Obradoiro como con diñeiro municipal. En concreto, o Concello pagou parte do material. O custo total aínda non foi calculado.

- Acepta as queixas por falta de limpeza, pero en relación coa auga sinala que hoxe é a primeira vez que hai falta de auga en todo o verán e que a interrupción da ETAP foi moi breve.

- En canto ás queixas pola festa do viño, solicita que se lle trasladen para poder coñecelas e considera que a data é oportuna para garantir bo tempo. Dubida que a festa en setembro teña máis asistentes, posto que en agosto e xullo hai moita xente de vacacións no pobo. Seguro que se podería facer mellor, así que anima a calquera interesado a que o leve a cabo se cree que o pode mellorar.

- Comenta que os patinetes teñen que circular pola calzada e que as normas de circulación non dependen do Concello, que non ten capacidade para regulalos. Ademais, se circulaba á velocidade estipulada de 30 km/h non debería de ter problema.

- Indica que os demais rogos serán tidos en conta e agradece as desculpas.

Pola representante de Avide:

- Mostra a súa conformidade ás palabras de Miguel Carreiro sobre o cambio de pautas sobre cómo levar o Pleno, pero recóñece que algúns espectadores non podían estar calados cando viñan a ver o Pleno, o que dificultaba o mesmo.

- Solicita unha quenda de réplica ás intervencións de Carmen e Adán por se algún membro máis da Corporación quere chegar algo.

- Pregunta ao Alcalde cando se vai pór a gobernar para o Concello e non para a súa familia.

- Avisa que denunciará publicamente que a organización do evento do viño foi feita por parte da muller do Alcalde, que foi quen contratou, dirixiu, organizou... sen estar de acordo os interesados. De feito, houbo queixas porque os adegueiros tiñan que acatar as ordes da muller do Alcalde. Non é oportuno que ela dirixa e organice todo o evento, estando presentes o Alcalde e Tenente de Alcalde. Non entende por que aos concelleiros non se lles invita ás reunións para organizar pero si a unha veciña máis do pobo como é a muller do Alcalde.



CONCELLO DE BEADE

P32011OOI

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

Tamén obxecta que o Interventor, que ten que pagar todas as facturas, dea o visto e prace a esas actuacións. Se o Alcalde non avisa á xente é imposible que haxa xente suficiente para participar no acto. Tamén comenta que os fillos do Alcalde participaron no acto e foron os que cobraban as copas. Tamén critica o cartel do evento e que as adegas aparecesen en letra pequena.

- Tamén en relación co evento do viño, solicítase a contabilidade pormenorizada do evento, así como as solicitudes pertinentes que se realizaron ao Interventor e a contabilidade do Interventor de todo o evento, as entradas e saídas de diñeiro. Ten que haber facturas de todo. Roga que conste en acta.

- Un problema que viu hoxe é que no furancho hai unha cama, a chave está rota (non sae da pechadura), as mesas están movidas e faltan mesas e sillas. Suponse que era un lugar social e agora é de obra social, como as duchas do pavillón.

- En relación á Praza da Oliveira, sabía que se fixo polo Obradoiro, pero lamenta que lle falta un pouco de humanización (bancos, árbores...), porque se non o único que se fixo é máis sitio para que poidan aparcas os veciños de alí. Do mesmo xeito para a Praza de España, que só ten un pequeno banco.

- Sobre a gala benéfica en favor de Anasbabi, pregunta ao Alcalde se asistiu, quen máis do Concello o fixo, se cada un pagou a súa entrada, a canto ascendeu o recadado e que máis se fixo para recadar, a parte de que o Concello depositase 200 euros.

- En relación ás Xuntas de Goberno Local, tamén se fará público que, nas dúas últimas, se aprobou, por unanimidade, unha axuda a nome da tenente de Alcalde, en representación da Comisión de Festas. Nunha acta consta solicitude previa por escrito. Denúnciase que ela non pode estar alí e concederse a axuda a si mesma. No caso particular da festa de San Xoan, considera que é un acto cultural e que non se debía ter dado achega, posto que normalmente a organizaba o Concello. Ademais, para esa festa non consta na acta que se presentase solicitude.

- En canto ao arranxo do tellado da Igrexa, comenta que viu en prensa que fora aceptado o arranxo de varias igrexas de Galicia; parece ser que con fondos de Patrimonio, o Estado, a Deputación, os concellos... Estes técnicos dixerón que as obras empezarán cando se tivese todo o diñeiro, polo que pregunta que diñeiro falta en Beade para empezar as obras de arranxo do tellado.

- Pregunta como se explica que falten obxectos na Igrexa. Indica que ten un inventario gravado en vídeo de todo o que había antes e do que hai agora.

- Pregunta como se contratou a outra persoa máis (operario de servizos), porque non se fixo concurso para esa praza.

- Pide explicación sobre unha partida para unha empresa para obra de mellora da eficiencia enerxética do polideportivo municipal de Beade.

O Alcalde responde o seguinte:

- Sobre a crítica a que non se faciliten conversacións, menciona que a parte de rogos e preguntas non é para establecer unha conversación, senón que isto é un órgano de goberno e ten unha forma de funcionar, na que non se pode establecer unha conversación.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

- Considera que dicir que se goberna para a familia é meterse cun, xa que non fai obras nin actuacións para beneficiar á súa familia.
- À festa do viño ten o obxecto de promocionar o viño do Ribeiro e o pobo, xa que este pobo é un dos que máis terra traballada e adegas ten. Isto non quere dicir que se teña que facer o que di unha adega. Os adegueiros poden facer a súa propia festa, pero non dicir ao Concello que é o que hai que facer.
- Non hai ningunha actuación que non sexa contratada polo Alcalde. Outra cousa é que a súa muller lle axude. A asociación de voluntarios non é só a súa familia, senón que hai máis xente involucrada e calquera persoa podería ter participado. Confirma que os rapaces eran os que estaban vendendo as copas e dubida que haxa algún problema niso.
- O cartel fixoo un funcionario e a enumeración das adegas tiña o mesmo tamaño que o ano pasado. Ademais, o cartel modificouse por petición dos adegueiros.
- Intervén o Sr. González Alarcón para explicar a reunión que tivo lugar entre o Alcalde e os adegueiros a principios de ano para tratar temas como o do cartel, voluntarios, data...
- Continúa o Alcalde indicando que ata houbo adegas que deixaron tiradas alí as súas botellas e el axudou a recollelas. Ademais, pide voluntarios para facer o cartel do próximo ano.
- As contas daranse sen ningún tipo de problema.
- O do furancho non é unha cama, senón que hai que habilitar un sitio para uso da brigada de incendios de garda. Case todos os locais do Concello están en obras e ese estaba baleiro. A chave funciona perfectamente, aínda que a veces se queda trabada. As mesas movéronse para poder ter espazo no que colocar o colchón.
- Está pedido un banco para a praza. A humanización xa foi pedida por Patrimonio. Tamén se quere pór unha árbore, pero é difícil que non moleste a entrada dalgunha das casas.
- En relación aos aparcadoiros, intentárase que non se aparque diante da capela, que para iso xa se puxo un pavimento diferenciado, para evitar que se aparque.
- Respecto á gala, foi organizada polos Concellos do Ribeiro. En Beade invitouse ás adegas porque era unha gala que quería mesturar a promoción do viño con actos benéficos. Invitouse a todas as adegas pero asistiron poucas.
- En relación coas subvencións á Comisión de Festas, independentemente do organizador, inténtase manter a mesma contía. O Secretario informa que as axudas económicas que se dan son outorgadas pola Xunta de Goberno Local, logo de petición do interesado e sempre que haxa partida económica e se destine para iso; a Sra. Pérez Costa figura nas actas porque pode facelo. En todo caso, insta a que se solicite un informe xurídico ao respecto. Engade que non se pode falar do que gustaría ou non gustaría, senón de legalidade. A Sra. Pérez Costa figura como representante dunha asociación, non como particular, e así asina o recibí do importe da subvención.
- O representante de Por Beade intervén para pedir que se outorgue unha cantidade regrada cada ano e o Alcalde matiza que todos os anos dase a mesma cantidade. As axudas danse para cada festa que se vaia organizando e non unha cantidade fixa cada ano, porque se non pode que se dea unha cantidade anual e logo non se faga practicamente nada.



CONCELLO DE BEADE

P32011OOI

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

- En canto ao tellado da Igrexa, o tema é xestionado polo arquitecto. O Concello está pendente de que entregue proxecto, xa que Patrimonio lle pide cada vez máis cousas. Non hai diñeiro comprometido porque aínda non se acabou o proxecto de obra.

-A desaparición de obxectos ten que poñerse en coñecemento do cura ou do Obispado. En calquera caso, á Alcaldía non lle consta que desaparecese nada, xa que pode que os obxectos estean noutro lugar.

- En relación ao novo operario de servizos, indícase que houbo unha primeira selección de persoal para contratar unha persoa a través da subvención Aprod rural. Posteriormente, conseguiuase a subvención para unha segunda persoa e aproveitouse a mesma selección para escoller ao candidato que quedou en segundo lugar.

- A obra de eficiencia enerxética é a través dunha subvención e consiste en cambiar a iluminación da pista por focos eficientes e a caldeira. Tamén hai unha obra de paneis fotovoltaicos no pavillón. Son dúas obras diferentes no mesmo lugar.

Outórgase unha quenda de réplica a Sra. Rodríguez Ferro, que manifesta o seguinte:

- En primeiro lugar, pregunta de donde son as brigadas de incendios, respondendo a Alcaldía que hai catro brigadas na Mancomunidade e que Beade comparte unha con Arnoia.

- En relación co tema familiar, indica que unicamente se pon en coñecemento de todo o mundo o que hai e que se a Alcaldía non está de acordo, ela considera que debe facer as cousas doutra maneira.

- En relación coa festa do viño, indica que lle gusta participar nas reunións e que xa ten organizado outros eventos como asociación. Os distintos partidos amósanse a favor de axudar na organización. Engade que desde que se empezou a lexislatura fálase de levar o Concello doutra forma, pero hai moito distanciamento entre uns veciños e outros. Avide pretende que haxa un equilibrio, posto que con eles non se conta. A eles mándaselles a invitación e aí queda. Intervén o Sr. González Alarcón para aclarar que as decisións sobre a festa se tomaron na reunión cos adegueiros, que non houbo imposicións polo Concello e que o evento non estaba xa preorganizado. Ademais, comenta que hai xente que non asistiu á reunión e que logo falaba fóra.

- Tamén se comenta que houbo traballadores do Obradoiro da Mancomunidade que asisten como voluntarios á Festa do Pemento de Arnoia. Aclárase que asisten a título particular.

A continuación, intervén a Sra. Rama Coteló para comentar que entende o malestar xerado. Comenta, como exemplo, que viu unhas cubiteiras no evento e que preguntou ao propietario da adega pola súa procedencia. Respondeulle que tiña que preguntarlle a muller do Alcalde, que as comprou ela. Sorpréndese de que o recipiente non fose comprado pola institución. Engade que isto non é a primeira vez que ocorre, que a situación se vai enrarecendo e a toxicidade vai estalar, non xa na bancada da oposición, senón fóra do concello.

Intervén novamente a representante de Avide, para volver a preguntar pola falta de diñeiro dalgún organismo para reformar o tellado da Igrexa e o Alcalde responde que non se iniciou esa fase aínda, posto que aínda se está a realizar o proxecto.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

Tamén matiza a representante de Avide que non se cuestionou se as axudas ás Comisións de Festas eran moi elevadas ou non ou se eran procedentes, senón que non veía de recibo que os membros da Xunta se adxudicasen as axudas. Non lle parece ético e solicitará informe xurídico.

Tamén engade que non se denunciou a Sra. Pérez Costa e as súas licenzas de obra por ser o lugar no que se gaña o pan e ser unha veciña do pobo. En cambio, critica que a ela non se lle permitise adxudicarse unha praza de taxi.

O Alcalde responde que nunca se intentou incomodar a ninguén para acceder á praza.

Neste momento da sesión, por parte da Alcaldía levántase a mesma, sendo ás trece horas e vintecinco minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,



Asdo.: Fernando Taboada Guntín.

O SECRETARIO,



Asdo.: Pablo Fernández Loureiro.